



BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ILUMINACIÓN DE EDIFICIOS HISTÓRICOS CORRESPONDENTES AOS EXERCICIOS 2022-2023.

Base 1ª. Obxecto e réxime da convocatoria.-

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a iluminación das fachadas dos edificios históricos, mediante a entrega, a fondo perdido, dunha axuda económica ás persoas propietarias que, cumprindo os requisitos desta convocatoria, promovan e executen ou teñan executado durante o período comprendido entre o **01 de xaneiro de 2022 e o 15 de outubro de 2023.**

O procedemento para a concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrència competitiva que, de conformidade co art. 22.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS), é o procedemento ordinario de concesión de subvencións, e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Estas axudas terán carácter plurianual, comprendendo as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 15 de outubro de 2023, ámbolos dous incluídos.

O texto da convocatoria, unha vez aprobada polo órgano competente, e o seu extracto, subministrárase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para que esta lle de traslado do correspondente extracto da convocatoria ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) para a súa publicación. A eficacia da convocatoria queda supeditada á publicación do seu extracto no diario oficial, que determinará o inicio do cómputo do prazo para a presentación de solicitudes. Tamén serán publicadas na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), no Portal de Transparencia e na Sede Electrónica no apartado "Convocatorias e subvencións", sen prexuízo da súa remisión á BDNS.

Base 2ª. Persoas beneficiarias e requisitos para acadar esta condición.-

a) Poderán obter a consideración de persoas beneficiarias destas axudas as persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de persoas propietarias do inmovible, tanto sexan comunidades de propietarios/as en réxime de propiedade horizontal, mancomunidades ou agrupacións de comunidades, legalmente constituídas, así como, agrupacións de persoas propietarias ou persoas propietarias únicas de edificios de vivendas, nas que se cumpran os requisitos desta convocatoria, que promovan e executen ou teñan executado no período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2022 e o 15 de outubro de 2023 as actuacións obxecto desta convocatoria.

b) Así, poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas persoas ou entidades que se axusten aos requisitos establecidos nestas bases reguladoras e na convocatoria, e que non incorran en ningunha das incompatibilidades e/ou prohibicións previstas no art. 13.2 da LXS.



c) No caso de comunidades de persoas propietarias ou mancomunidades/agrupacións de comunidades legalmente constituídas, deberase acreditar que se atopan debidamente constituídas, conforme ós artigos 2 e 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de Propiedade Horizontal (LPH) e demais normativa que lle resulte de aplicación.

d) Cando se trata de comunidades de persoas propietarias “de feito”, é dicir, agrupacións de persoas propietarias non constituídas en réxime propiedade horizontal ou persoas propietarias únicas de edificacións de vivendas, así como, doutras entidades que carezan de personalidade xurídica, deberá facerse constar, tanto na solicitude como na resolución, os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros da agrupación no proxecto total, así como, o importe da subvención a aplicar para cada un deles, que tamén terán a consideración de persoas beneficiarias. Deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como persoa beneficiaria, lle corresponden á agrupación na actuación coa Administración. Non poderá disolverse a agrupación ata transcorrido o prazo de prescrición previsto nos arts 35 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG) e 65 da LXS.

Base 3ª. Gastos subvencionables.-

Serán gastos subvencionables as actuacións realizadas e efectivamente aboadas entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 15 de outubro de 2023 que se atopen nalgún destes supostos:

a) Honorarios profesionais, custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados, que sexan preceptivos, así como, gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificados.

b) En xeral, consideraranse subvencionables os custos de equipamentos, materiais, obra civil, man de obra e os impostos indirectos asociados a obra e posta en servizo da iluminación, de maneira que quede operativa.

c) Os tributos son gastos subvencionables, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En todo caso, a actuación completa deberá xustificarse, como máximo, dentro dos prazos indicados na base 12ª.

Non serán subvencionables, de ningún xeito:

1. Os incrementos do orzamento de gastos que non se tiveran recollido na solicitude achegada.
2. Os gastos de mantemento das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvenciona.
3. Os gastos que non estean claramente definidos e que non se tiveran reflectido no orzamento e/ou proxecto incluído na acta na que consta a aprobación do gasto pola xunta de propietarios que se acompaña.
4. Gastos e custos financeiros derivados do investimento.
5. Os intereses debedores das contas bancarias.
6. Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
7. Os gastos de procedementos xudiciais

Enténdese por gasto realizado o que foi efectivamente aboadado con anterioridade á finalización do período de xustificación fixado nas bases.



Base 4ª. Condición dos edificios obxecto de iluminación e das luminarias.

4ª.1.- Edificios que poden ser obxecto de subvención.

Considérase que se deben resaltar as fachadas máis emblemáticas da cidade e polo tanto os edificios catalogados co grado de protección Monumental, Integral e Estrutural, edificios incluídos nos ámbitos do:

- “*Plan Especial e Catalogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar*” (BOP Pontevedra 17/01/1991).
- “*Plan Especial de Protección e Reforma interior Casco Vello de Vigo*” con aprobación definitiva polo Pleno do Excmo. Concello de data 12 de Abril de 2007 (DOGA 6.06.2007)
- “*Plan Especial de Protección e Reforma interior (PEPRI) do Casco Histórico De Bouzas*” (Aprobación definitiva 30/09/2002)

En consecuencia, os edificios incluídos son os seguintes:

ENSANCHE- EDIFICIOS CATALOGADOS CON PROTECCIÓN INTEGRAL (I) e ESTRUCTURAL (E) polo “*Plan Especial e Catalogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar*” nas seguintes rúas.

1- R/ Areal

P. Estrutural- Nº 1,8,10,12,14,18,30,40,42,46.

2- R/ Colon

P. Estrutural- Nº 10,12,19,20,21,23,25,27,29,30,31,40.

3- R/ Garcia Barbón

P. Estrutural- Nº 4,15,17,19,28,47.

P. Integral- Nº 5

4- Praza de Compostela

P. Estrutural- Nº 1,2,3,4,5,6,7,8,10,12,13,14,15,19,20,24,31,32,33,35,36.

5- R/ Policarpo Sanz

P. Estrutural- Nº 1,2,9,11,15,19,21,22,23,24,26,31,40.

P. Integral- Nº 13

6- R/ Urzaiz

P. Estrutural- Nº 1,3,7,8,10,11,12,13,15,17,18,19,21,22,23,24,25,26,28,30,31,36,39.

CASCO VELLO- EDIFICIOS CATALOGADOS CON PROTECCIÓN MONUMENTAL (M), INTEGRAL (I) e ESTRUCTURAL (E) polo “*Plan Especial de Protección e Reforma interior. Casco Vello. Vigo*”

1- R/ Abeleira Menéndez

P. Estrutural- Nº 1,2,3,4,6,8,9,17.

2- Pso Alfonso XII

P. Estrutural- Nº 17,25,27,29,31

3- Pza Almeida 8



P. Estrutural- Nº 3

4- R/ Alta

P. Estrutural- Nº 1,9,22

5- R/Anguia

P. Estrutural Nº 9

6- Baixada á Fonte

P. Estrutural- Nº 1

7- R/ Ballesta

P. Estrutural- Nº 2

8- R/ Bote

P. Estrutural- Nº 4

9- R/ Cárcere Vello

P. Estrutural- Nº 8,10

10- R/ Carral

P. Estrutural- Nº 9,11,13,19,21,23

11- R/ Cesteiros

P. Estrutural- Nº 1,8,14

12- Pza Constitución

P. Estrutural- Nº 3,4,6,7,10,11

P. Integral- Nº 2

P. Monumental- Nº 8

13-Pza Eduardo Chao

P. Estrutural- Nº 2,9,11,13

14- R/ Elduayen

P. Estrutural- Nº 10,12,20,22,30,32

15- Trvsa. Esperanza

P. Estrutural- Nº 1,13

16- R/ Fermin Penzol

P. Estrutural- Nº 5,16

17- Trvsa. Franco

P. Estrutural- Nº 3

18- R/ Funil

P. Estrutural- Nº 1,2,6

19- R/ Gamboa

P. Estrutural- Nº 1,3,5,6

20- Pza Igrexa

P. Estrutural- Nº 1

21- R/ Joaquín Yáñez



P. Estrutural- Nº 1,3,5,7,11,13,14

22- R/ Laxe

P. Estrutural- Nº 2,5,7

23- R/ Méndez Núñez

P. Estrutural-Nº 9,18

P. Monumental- Nº 13

24- R/ Oliva

P. Estrutural- Nº 6,16

25-R/ Palma

P. Estrutural- Nº 1,3,9

P. Monumental- Nº 6

26- Pza. Peñasco

P. Estrutural- Nº 12

27- R/ Peñasco

P. Estrutural- Nº 3,13

28- Pza. Pedra

P. Estrutural- Nº 4,8

29- R/ Peixe

P. Estrutural- Nº 11

30- R/ Pescadería

P. Estrutural- Nº 3,5,7

31- R/ Pi y Margall

P. Estrutural- Nº 4

32- R/ Poboadores

P. Estrutural- Nº 4,6

33- R/ Porta do Sol

P. Estrutural- Nº 3,11,13

34- Pza da Princesa

P. Integral- Nº 2

P. Estrutural- Nº 4

35- R Real

P. Monumental- Nº 1

P. Estrutural- Nº 4,8,10,11,12,14,15,16,21,23,25,26,31,41,43,45.

36- Ribera do Berbés

P. Estrutural- Nº 1,33

37- R/ San Bernardo

P. Estrutural- Nº 3,5,11

38- R/ San Vicente



P. Estrutural- Nº 2,3,4,6,8,10,11

39- R/ San Xulián

P. Estrutural- Nº 1

40- R/ Santiago

P. Estrutural- Nº 5,10,22

41- R/ Sombriereiros

P. Estrutural- Nº 8

42- R/ Teófilo Llorente

P. Estrutural- Nº 25,27,29,37,47,63

BOUZAS- EDIFICIOS CATALOGADOS CON PROTECCIÓN INTEGRAL (I) e ESTRUCTURAL (E) polo “*Plan Especial de Protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas*”

1- Alameda de Suarez Llanos

P. Estrutural- Nº 18,24,26.

2- R/ A. Álvarez

P. Estrutural- Nº 4,11

3- R/ Alfollies

P. Estrutural- Nº 7,9,10

P. Integral- Alfollies/ Eduardo Cabello

4- R/ Beiramar

P. Integral- Nº 247

5- R/ Covadonga

P. Estrutural- Nº 4,5,6,7,11

P. Integral- Nº 28,42,44,46.

6- R/ Cruceiro Vello

P. Estrutural- Nº 9

7- R/ Eduardo Cabello

P. Estrutural- Nº 3,7,9,17,19,25,27,29,31,35,41,43.

P. Integral- Nº 13,39, Igrexa s/N

8- R/ Ferreiros

P. Estrutural- Nº 14,27,35

P. Integral- Nº 25,29.

9- R/ Martín Alonso Pinzón

P. Estrutural- Nº 8.

10- R/ Paulino Freire

P. Estrutural- Nº 28

11-R/ do Pazo

P. Estrutural- Nº 1,4



P. Integral- Nº 10

12- R/ Pescadores

P. Estructural- Nº 8,10

13- R/ San Miguel

P. Integral- Nº 4,6

14- R/ Santa Ana

P. Estructural- Nº 1,3,9,11,16

15- R/ Santo Cristo

P. Estructural- Nº 2,3,8,10.

16- R/ Sebastian Elcano

P. Estructural- Nº 18

17- R/ Simancas

P. Estructural- Nº 28,30

18- R/ Tomas Alonso

P. Estructural- Nº 220,238, 277, 281, 287, 295 ,303, 305.

19- Praza de Urzaiz

P. Estructural- Nº 4

4ª.2.- Condicións das luminarias.

A disposición das luminarias será adecuada ás características que ofrecen as fachadas dos edificios, resaltando os seus elementos máis importantes. Toda a instalación será pensada para que resulte o máis disimulada posible e non resten protagonismo á arquitectura xeral. Para isto, tanto os materiais como as luminarias serán de tamaño reducido e de cores que se mimetizarán coa fachada.

Deberán cumprirse os seguintes condicionantes:

- Deberase estudar as posibilidades de iluminación de fachada, que tiñan menos incidencia sobre a mesma como poden ser a base de proxectores en beirarrúas e espazos públicos, proxectores dende a cuberta ou apoiados no interior dos balcóns.
- O obxecto principal e poñer en valor o edificio, realzando á súa arquitectura e respectando tanto o entorno como ós/ás veciños/as do edificio.
- Se incluírán o menor número posible de proxectores.
- O cableado deberá percorrer o menor Nº de liñas verticais e horizontais da fachada, é adecuado que os cables que alimenten os proxectores discorran baixo cornixas e balcóns.
- Escollerase un modelo de proxector de reducidas dimensións e gran mobilidade, que poda apoiarse sobre as propias cornixas ou debaixo delas.
- Toda a instalación será unha solución desmontable e perfectamente reversible.
- Quedan especialmente prohibidas as pantallas luminarias con tubos fluorescentes
- Tanto o cableado como os proxectores serán dun cor que mimetizará coa fachada.
- Diminucións do numero de ancoraxes á fachada e que sexan o menos invasivos posibles.
- O encendido e apagado das luminarias realizárase mediante un interruptor astronómico, que axusta automaticamente o encendido en función da zona xeográfica e época do ano.



Base 5ª. Contía das subvencións

A contía total destinada para estas axudas é de 20.000 € (vinte mil euros) para 2022 e de 20.000 € (vinte mil euros) para 2023, que farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 1510.7800001, incluída no capítulo VII ("Transferencia de capital"), denominada "Axudas iluminación edificios históricos", do orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

As contías determinaranse segundo os seguintes criterios:

- a) Ata un máximo de 10.000 euros do custo efectivo de execución material, de acordo co orzamento consignado na correspondente resolución de licenza de obras e/ou comunicación previa. Tampouco poderá superar ó 50% do citado custo.
- b) Ata un máximo de 1.500 euros en concepto de honorarios, excluído o IVE, correspondentes á redacción do proxecto, certificados, informes e demais documentación técnica preceptiva. Tampouco poderá superar ó 50% do citado custo.

O importe máximo total a subvencionar por edificación residencial colectiva é de 10.000 euros e, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actuación subvencionada.

Base 6ª. Solicitudes

A solicitude realizarase mediante a presentación do modelo establecido no Anexo I destas bases, mediante presentación telemática na 'Carpeta Cidadá' da Sede Electrónica da web oficial do Concello de Vigo (sede.vigo.org), dirixida á Oficina de Vivenda e Solo da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

As comunidades de persoas propietarias e as súas persoas representantes deberán presentar a súa solicitude electronicamente, de acordo co establecido no artigo 14.2.b) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que presentasen as súas solicitudes presencialmente, requiriráselles para que as emenden a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas físicas poderán presentar a súa solicitude por vía electrónica ou en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O medio elixido pola persoa física para comunicarse coas Administracións Públicas poderá ser modificado por aquela en calquera momento.

A presentación telemática pode realizarse na 'Carpeta Cidadá' da Sede Electrónica da web oficial do Concello de Vigo (sede.vigo.org), dándose de alta ou accedendo mediante certificado electrónico dixital.

O prazo para a presentación de solicitudes, información e documentación complementaria para cada anualidade será o fixado no anuncio que, como extracto desta convocatoria, se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).

O cómputo de dito prazo realizarase consonte o establecido polo art 30 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo rematará o mesmo día da súa publicación no BOP. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.



O Anexo I inclúe unha serie de declaracións e compromisos que deben ser cubertos na súa integridade.

A presentación da solicitude de concesión da presente subvención levará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, A Tesourería Municipal do Concello de Vigo e a Axencia Tributaria de Galicia. Con todo, a persoa solicitante poderá denegar expresamente este consentimento, debendo presentar estas certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Base 7ª. Documentación a presentar xunto á solicitude.-

Xunto ao modelo de solicitude (Anexo I) deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade ou persoa física solicitante.
- b) Copia da escritura de división horizontal da edificación inscrita no Rexistro da Propiedade, no caso de Comunidades de persoas propietarias. No caso de comunidades non constituídas legalmente, nota simple rexistral da vivenda ou documento acreditativo da propiedade da mesma e DNI de cada persoa propietaria.
- c) Certificación de acordos ou copia das actas que recollan os acordos das actuacións a desenvolver (execución das obras, solicitude e aprobación do orzamento pola maioría legalmente establecida, solicitude de subvención/s...), incluíndo acta de aprobación do orzamento de gastos e ingresos para o 2022/2023 segundo o exercicio que corresponda ou, no seu defecto, da derrama correspondente, ou o financiamento necesario para afrontar o custe total da actuación. No caso de agrupacións de persoas propietarias non constituídas legalmente, ou persoas propietarias únicas da edificación, os compromisos de execución e asunción do custo total, asumidos por cada un dos membros da agrupación, con indicación da cota de participación de cada un deles no inmovble.
- d) No caso de non autorizar a esta administración á obtención dos mesmos, deberán achegar certificacións acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Tesourería Municipal e da Axencia Tributaria de Galicia).
- e) Fotografías da edificación en cuestión e dos espazos onde se pretende acometer as obras/instalacións. No caso de que as obras/instalacións foran executadas antes da convocatoria (dentro do vixente exercicio 2022), achegarase reportaxe fotográfica das obras rematadas xunto co certificado final de obra expedido por técnico competente.
- f) Orzamento de execución das obras elaborado pola empresa executora, detallado e desglosado por conceptos -traballos, materiais, man de obra...-, aprobado pola correspondente comunidade ou agrupación de persoas propietarias.

Cando o importe da actuación subvencionable supere a contía de 40.000 euros (IVE excluído), a persoa solicitante deberá achegar como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria presentarase no momento da xustificación da subvención (véxase Base 13.c).



g) Calquera outro documento que consideren oportuno.

A persoa solicitante poderá acollerse ao dereito a non achegar documentos que obren en poder da Administración convocante, sempre que se faga constar a data, o órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer. Presumirase a autorización da persoa ou entidade interesada, ao acceso a esta documentación por parte deste organismo, salvo que conte oposición expresa.

O organismo autónomo convocante poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polas persoas solicitantes, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

Base 8ª. Procedemento de tramitación.-

a) Iniciación: O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva iníciase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (Consello da XMU), publicada na BDNS, que remitirá extracto da convocatoria ó BOP de Pontevedra.

b) Instrución: Cada solicitude xerará, no momento do seu rexistro, un número de expediente. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, pola Oficina de Rexistro da XMU, emitirase informe co resultado da convocatoria correspondente, no que se identificará a persoa solicitante, data de achega da solicitude e número de expediente. Con todo, non será necesario fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos esixidos, cando o crédito consignado en cada convocatoria sexa suficiente, atendendo ao número de solicitudes unha vez rematado o prazo de presentación establecido na convocatoria. En caso contrario, establecerase como criterio de valoración a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade dos requisitos e documentación requirida na convocatoria. No suposto de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación da documentación relativa a dita solicitude.

O servizo responsable da convocatoria, revisará a documentación achegada. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase ás persoas interesadas para que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que, de non facelo, teráselle desistidos da súa petición, consonte o establecido polo art 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e arquivo das actuacións, polo transcurso do prazo de tres meses de paralización do procedemento imputable á persoa interesada.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle a un/ha técnico/a de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de acordo co art. 21 da LXS.

c) Comisión de Valoración: A avaliación das solicitudes de subvención realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente/a: A Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo deste Concello.
- 3 Vogais: Dous técnico/a/s de Administración Xeral/Especial da XMU e un/ha Administrativa/o.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión.

A Vicepresidenta da XMU resolverá o nomeamento das persoas titulares e suplentes da referida Comisión.



A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos nestas bases.

Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirá á persoa ou entidade interesada para que, no prazo de 5 días, facilite a documentación ou información solicitada. De non atender ao requirimento, a Comisión proporá a denegación da subvención.

Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

As comunidades de persoas propietarias, están obrigadas a recibir as notificacións desta administración por medios electrónicos. A estes efectos, deberán indicar como medio preferente a efecto de notificacións no Anexo I a vía electrónica, indicando en dito anexo o correo electrónico onde recibir ditas notificacións. Con independencia de que a notificación sexa realizada en papel ou por medios electrónicos, as Administracións Públicas enviarán un aviso ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico da persoa interesada indicado na solicitude, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica da Administración ou Organismo correspondente ou no enderezo electrónico habilitado único. A falta de práctica deste aviso no impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións en papel seguirán a regulación establecida no art 42 da Lei 39/2015, de 01 de outubro.

As persoas físicas deberán indicar expresamente no anexo I a modalidade escollida para as notificacións do presente procedemento.

Os **criterios de avaliación** serán os seguintes:

A concesión destas axudas atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrência competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Xerencia Municipal de Urbanismo destinada para tal fin no correspondente exercicio.

O importe dispoñible no Orzamento repartirase entre os edificios catalogados con protección integral ou monumental. No caso de que quede consignación orzamentaria repartirase entre os edificios con protección estrutural.

En calquera caso, terase en conta o esforzo económico realizado pola propiedade, establecéndose unha porcentaxe de axuda igual para todos os solicitantes co mesmo grao de protección.

d) Proposta de resolución: Á vista do expediente e do informe da Comisión de Avaliación, a instrución formulará proposta de resolución ao órgano competente, consonte as regras establecidas na LXS.

e) Resolución: Corresponde ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, ao abeiro do establecido polo art. 23 da LXS.

O prazo máximo para resolver e notificar o outorgamento da subvención será de tres (3) meses contados dende a data de remate de presentación de solicitudes. Finalizado este prazo sen resolución nin notificación expresa, poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo.

A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas na dirección electrónica habilitada ao efecto, ou no seu caso, consonte co previsto no art 40 e seguintes da Lei 39/2015,



de 1 de outubro.

f) Recursos: Contra a resolución de outorgamento ou denegación de subvención poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, as persoas ou entidades interesadas poderán desistir da súas solicitudes. Estes desestímientos aceptaranse de plano pola Administración concedente, declarando concluído o procedemento.

Base 9ª. Comprobación de datos.-

No presente procedemento esta administración consultará os datos seguintes de cada entidade ou persoa interesada:

- a) Documento nacional de identidade, CIF ou documento de identidade de estranxeiro da persoa solicitante e do seu representante.
- b) Certificacións acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Tesourería Municipal e da Axencia Tributaria de Galicia.

As persoas interesadas poderán opoñerse a estas consultas mediante indicación expresa no Anexo I. Neste caso deberán achegar xunto ao Anexo I os documentos indicados.

En todo caso, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos datos indicados, poderá requirirse ás persoas interesadas a presentación dos mesmos.

Base 10ª. Causas de denegación.-

Serán rexeitadas todas aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos esixidos nestas bases ou sexan contrarias ao ordenamento xurídico.

Base 11ª. Compatibilidade con outras axudas.-

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As persoas beneficiarias deberán comunicar ó centro xestor a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da subvención outorgada.

Tal e como preceptúa o art. 19.3 da LXS, “*o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada*”, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos xuros de mora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar, unha relación



detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas.

Base 12ª. Prazo e forma de xustificación.-

As persoas beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos.

O prazo máximo para achegar a xustificación será o **día 1 de novembro do ano 2022**, para as solicitudes presentadas no ano 2022 e o **1 de novembro de 2023** para as solicitudes achegadas no ano 2023.

A conta xustificativa establecida no Anexo II e a documentación que deberá achegarse xunto a esta, será o documento a través do que se realice a xustificación da subvención.

Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

Se se apreciasen defectos enmendables na documentación xustificativa presentada, requirirase á persoa beneficiaria outorgándolle un prazo máximo de 10 días hábiles para que sexa presentada a documentación correspondente, o que será notificado ás persoas interesadas na dirección electrónica indicada ao efecto, ou no seu caso, consonte co previsto nos arts. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro. A falla de presentación da documentación requirida, transcorrido o prazo, levará aparellada a perda do dereito de cobro da subvención e o inicio do procedemento de reintegro.

Base 13ª. Documentación xustificativa.-

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterá a seguinte documentación e información:

- a) Certificado/informe final de obra asinado por técnico competente e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- b) Copias das facturas relativas ao investimento, aos honorarios ou as relativas á actuación subvencionada e documento acreditativo do pagamento á empresa ou profesional correspondente dos importes consignados nas facturas.
- c) Memoria xustificativa do orzamento de obra elixido, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria deberá vir asinada pola persoa solicitante da axuda municipal ou a persoa que a represente.
- d) Copia simple do título habilitante necesario para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- e) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas (deberá vir asinada pola persoa solicitante da axuda municipal ou a persoa que a represente).

Base 14ª. Crédito orzamentario.-

A contía total destinada para estas axudas é de 20.000 € (vinte mil euros) para o exercicio orzamentario 2022 e de 20.000 € (vinte mil euros) para o exercicio orzamentario 2023, que farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 1510.7800001, incluída no capítulo VII ("Transferencia de capital"), denominada "Axudas iluminación edificios históricos", do orzamento



do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Base 15ª. Tributación das axudas.-

Segundo a lexislación vixente, as presentes axudas tributan como ganancia patrimonial aos efectos do IRPF.

As comunidades de persoas propietarias, a efectos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (artigos 86 a 90 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do IRPF) non tributan, senón que son as persoas propietarias as que estarán obrigadas a tributar no caso da obtención da axuda, en proporción á cota de participación nos elementos comúns da edificación.

Base 16ª. Contía das axudas.-

Coa finalidade de colaborar parcialmente no financiamento do custo das actuacións obxecto de subvención, a Xerencia Municipal de Urbanismo aboará ás persoas beneficiarias unha axuda económica, a fondo perdido, equivalente a:

- ata un máximo de 10.000 euros, do custo efectivo de execución material, non podendo superar o 50% do citado custo.
- ata un máximo de 1.500 euros en concepto de honorarios, excluído o IVE, correspondentes á redacción do proxecto, certificados, informes e demais documentación técnica preceptiva, non podendo superar o 50% do citado custo.

O importe máximo total a subvencionar por edificación residencial colectiva será de 10.000 euros.

A concesión da subvención non xerará, por si mesma, ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Non se admitirán solicitudes de abonos a conta ou anticipos de cantidades concedidas en concepto de subvención.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria na conta de titularidade da persoa beneficiaria, sinalada para estes efectos pola propia entidade interesada.

Base 17ª. Obrigas das persoas beneficiarias.-

Son obrigas das persoas beneficiarias da presente subvención:

- a) as recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (LSG)
- b) o cumprimento das bases reguladoras do presente procedemento
- c) dar publicidade do carácter público do financiamento, mediante a colocación, en lugar visible, na edificación na que se leven a cabo as actuacións, dun cartel informativo tamaño A3, conforme ó modelo oficial establecido no anexo III destas bases. Este cartel será facilitado pola Oficina de Vivenda e Solo da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo no prazo dos dez días seguintes á notificación do outorgamento da axuda, e deberá colocarse durante o prazo de un mes a contar dende o seguinte á súa entrega.
- d) facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á edificación para cantas comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de cantas documentación e información lle sexa requirida.
- e) todas cantas veñan impostas pola lexislación vixente en materia de subvencións.



Base 18ª. Perda e reintegro da subvención.-

Son causa de perda e reintegro da subvención, as previstas no artigo 33 da LSG e no artigo 37 da LXS, na forma prevista pola lexislación vixente. A cantidade a reintegrar (sen prexuízo das sancións que podan corresponder por incumprimento ou falsidade) verase incrementada co xuro legal correspondente dende o seu pagamento máis a porcentaxe establecida no artigo 34 da LSG.

Base 19ª. Réxime de infraccións e sancións.-

En canto ao réxime de infraccións e sancións en que poidan incurrir as persoas beneficiarias, estarase ao disposto na LXS, ao RLXS, á LSG e á lexislación vixente reguladora do procedemento sancionador.

Base 20ª. Tratamento de datos de carácter persoal.-

Os datos dos solicitantes ou dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recolla é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras. A práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da obra subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orde á conclusión do proceso de subvencións, converte a súa achega en obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

O/A beneficiario/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Vigo, na data da sinatura dixital.

José María Valcarce Rodríguez, Técnico da Admón Xeral da Oficina de Vivenda e Solo.

CONFORME, Juan González Ramírez, Xefe dos Servizos Centrais da XMU.

CONFORME, Carlos Hernández Figueruelo, XERENTE

